

Señora Amalia Bóveda Álvarez,  
Señor conselleiro de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia,  
Señor alcalde de Ourense,  
Señoras e señores deputados, provinciais, autonómicos e estatais,  
Señor presidente do Centro Galicia de Bos Aires,  
Alcaldes, autoridades e representacións, amigas e amigos.

Resulta moi grato para min, como responsable do Goberno Provincial de Ourense, dirixirme a vostedes nun acto de tanta e tan fonda emotividade, co que abrimos á exposición pública o cadro de Alfonso R. Castelao, *A derradeira leición do mestre*, a carón das cinsas do galeguista ourensano Rodolfo Prada, e da súa dona Manuela Fraga.

Grazas amigo Vila Alén, presidente do Centro Galicia de Bos Aires, por materializar o acordo ao que chegamos o pasado 15 de novembro dentro do edificio que fora sede do Centro Ourensán, a carón dos outrora despachos de Castelao e Prada.

Xa se dixo aquí, pero non por iso vou deixar de repetilo, porque atinxe á propia significación desta actividade, importantísima para a cidade e a provincia, aberta a todas e a todos os ourensáns: o rianxeiro Castelao e o pearense Prada mantiveron unha estreita amizade e unha leal colaboración política que, desde a Deputación de Ourense, quixemos salientar cunha soa palabra; “irmaus”.

Certamente, a irmandade e a conciencia galeguista foron os elos que os mantiveron unidos nunha mesma causa, a do recoñecemento da nosa identidade como pobo.

Múltiples foron as accións emprendidas e desenvoltas por ambos desde o cinco de decembro de 1931, cando se coñeceron en Pontevedra -na fundación do Partido Galeguista- ata o sete de xaneiro de 1950 en Bos Aires, data do pasamento de Castelao.

Máis que un concepto, pois, a irmandade foi para eles lei de vida, entrega absoluta e xenerosa, amor e servizo a Galicia. E volve ser a forza imparabile da irmandade a que os xunta de novo hoxe en Ourense.

En Ourense temos pois, a piques de rematar a segunda década do século XXI, a Alfonso Daniel Rodríguez Castelao, representado en corpo, alma e espírito a través da máis abraiante e conmovedora das súas obras maxistras. Por iso, *A derradeira leición do mestre* non é un cadro máis do insigne artista plástico, escritor e político, é a obra que máis e mellor esperta as conciencias.

Esta pintura reflicte, sen dúbida ningunha, un intre trágico co que Castelao denuncia a acción reaccionaria da barbarie asasina, a senrazón dos covardes. Mais coas figuras dos nenos, co seu pranto e, sobre todo, co rostro de Bóveda, o artista consegue que aínda alente a esperanza. Alexandre, os seus ollos e a súa valentía fronte á morte, representa a luz da redención, unha Galicia martirizada pero aínda viva, endexamais rendida.

E para dar testemuña da resistencia, da enorme e heroica tarefa de recuperación política e cultural do galeguismo, trouxemos, hai poucos meses, as cinsas mortais de Rodolfo Prada e da súa dona, Manuela Fraga. Lembramos así unha figura comprometida, Prada estivo en case todo, e cumprimos a súa vontade de patriota: “descansar na paz de Deus na terra onde nacín, cando a democracia e a autonomía volvan ser os piares de Galicia”.

Mais tamén aquí en Ourense, este sete de marzo, debemos pór de manifesto o ideario social e económico de Alexandre Bóveda, para que o seu rostro e o seu sacrificio sexan, xa para sempre, os da memoria de todos os mártires galegos.

Nese sentido, comprométome a levar ao Pleno da Deputación de Ourense a proposta da Fundación Bóveda, para que o dezasete de agosto, Día da Galicia Mártir, acade a consideración e o ámbito institucional que lle corresponde.

Alexandre Bóveda, por certo, fillo predilecto desta provincia por acordo plenario desta Deputación en 2001.

Así mesmo, comprázome en anunciar que, mercé á colaboración coa Fundación Castelao, a Deputación vai publicar en breve un volume, coordinado por Luís González Tosar, que recollera unhas trinta e cinco cartas que Castelao lle foi enviando a Rodolfo Prada. Importantes testemuños documentais remitidos polo xefe do galeguismo político, desde Valencia, Barcelona, a Unión Soviética, Nova York, California, Cuba...ao seu fiel e discreto amigo e correlixionario.

Con eles tres -Castelao, Bóveda e Prada- e con Otero Pedrayo, Risco e Cuevillas, sentaremos os alicerces do centenario de *Nós* porque cremos no galeguismo, sen epítetos nin apelidos, e porque temos o deber de honrar a todos os bos e xenerosos. Desde Ourense, neste día tan emotivo e sinalado, podemos proclamar aos catro ventos: *Galegas e galegos, os tempos son chegados!*